

CIRCULAR Nº 7/2006 DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSEÑANZAS ESPECIAIS SOBRE ORGANIZACIÓN DO CICLO ELEMENTAL DO PRIMEIRO NIVEL DAS ENSEÑANZAS ESPECIALIZADAS DO IDIOMA INGLÉS NA MODALIDADE A DISTANCIA, PROGRAMA "THAT'S ENGLISH", PARA O CURSO 2006-2007

A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, ao abeiro da Orde Ministerial do 2 de novembro de 1993 (BOE do 13) pola que se establece o currículo do Ciclo Elemental do Primeiro Nivel das Ensinanzas especializadas de idiomas, adaptado á educación a distancia, resolveu implantar as ensinanzas correspondentes ao Ciclo Elemental do primeiro nivel da ensinanza especializada do idioma inglés a distancia.

Co fin de garantir a devandita implantación e a consecución dos fins previstos, así como de unificar os criterios de actuación nos distintos centros educativos nos que se impartirá a oferta do idioma inglés a distancia, esta Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais considerou oportuno ditar as seguintes instrucións:

1.- DESCRICIÓN DO CURSO

1.1. As ensinanzas ás que se refire a presente circular serán as do Ciclo Elemental do Primeiro Nivel do idioma inglés das Escolas Oficiais de Idiomas (EOI), coas oportunas adaptacións curriculares para a súa impartición a través da modalidade a distancia.

1.2. Estas ensinanzas organízanse en 9 Módulos que equivalen, cada un deles, a un trimestre académico. Cada secuencia de tres Módulos correspóndese cun curso das E.O.I., segundo o seguinte esquema:

- . Os Módulos 1 a 3 equivalen ao Primeiro Curso.
- . Os Módulos 4 a 6 equivalen ao Segundo Curso.
- . Os Módulos 7 a 9 equivalen ao Terceiro Curso.

A superación do Módulo 9 dará lugar á certificación académica acreditativa de ter superado o Ciclo Elemental do Primeiro Nivel do idioma inglés das Escolas Oficiais de Idiomas.

1.3. A denominación destas ensinanzas na modalidade a distancia é: "That's English!".

1.4. Televisión Española emitirá pola segunda cadea os programas correspondentes a cada curso, no horario que se acorde e do que se informará oportunamente.

2.- CRITERIOS DE ADMISIÓN DO ALUMNADO

2.1. As persoas que desexen cursar estas ensinanzas, ademais de cumprir os requisitos académicos necesarios que se citan a continuación, deberán ter 16 anos ou cumprilos antes do 31 de decembro de 2006.

2.2. O requisito académico mínimo necesario para poder cursar estas ensinanzas será estar en posesión dalgún dos seguintes títulos: Certificado de Escolaridade ou de Estudos Primarios, Título de Graduado Escolar, Título de Técnico Auxiliar (F.P. 11 grao) ou Título de Graduado en Educación Secundaria.

2.3. Para matricularse no Segundo Curso, ademais dos requisitos que se citan nos apartados 2.1 e 2.2, o alumnado deberá cumprir e acreditar algunha das seguintes condicións, no suposto de que non o fixera anteriormente:

- _ Ter superado o Primeiro Curso das ensinanzas do idioma inglés en calquera E.O.I. pola modalidade presencial ou a distancia
- _ Ter superados os Módulos 1 e 2 do Primeiro Curso do Programa "That's English!". Neste caso poderá matricularse pero terá que superar o módulo 3 para ter aprobado o 1º curso.
- _ Obter informe positivo na Valoración Inicial do Alumno/a (VIA) de acordo co que se cita no apartado 2.6.

2.4. Para matricularse no Terceiro Curso, ademais dos requisitos que se citan nos apartados 2.1. e 2.2., o alumnado deberá cumprir e acreditar algunha das seguintes condicións, no suposto de que non o fixera anteriormente:

- _ Ter superado o segundo curso das ensinanzas do idioma inglés en calquera E.O.I. pola modalidade presencial ou a distancia.
- _ Ter superados os Módulos 4 e 5 do Segundo Curso do Programa "That's English!". Neste caso poderá matricularse pero terá que superar o módulo 6 para ter aprobado o 2º curso.
- _ Obter informe positivo na Valoración Inicial do Alumno/a (VIA) de acordo co que se cita no apartado 2.6.

2.5. O alumnado que teña pendente de recuperar unicamente os Módulos 3 ou 6 e non desexe matricularse do curso seguinte (Segundo ou Terceiro) poderá matricularse como repetidor do curso Primeiro ou Segundo, respectivamente, e terá as convocatorias de decembro, xuño e setembro para superar os ditos Módulos. O

alumando que só teña pendente o Módulo 9, terá as convocatorias de xuño e setembro para superalo.

2.6. A Valoración Inicial do Alumno/a (VIA), prevista na O.M. do 2 de novembro de 1993, (BOE do 13) é unha proba dirixida a aquelas persoas que, tendo coñecementos lingüísticos suficientes de inglés, desexen acceder ao segundo ou ao terceiro curso do programa "That's English!", sen ter cursado os anteriores. Quen desexe realizar a proba VIA deberá indicalo ao efectuar a súa matrícula.

A referida proba VIA celebrarase nos Centros de Apoio Administrativo o 16 de outubro a partires das 18.00 horas. Esta proba é única para todas as escolas e será elaborada pola Dirección Xeral de F.P. e Ensinanzas Especiais, correspondendo en todo caso a súa corrección a cada EOI.

O informe positivo derivado da superación da proba VIA permitirá o acceso, segundo proceda, ó Segundo ou ó Terceiro Curso do Programa "That's English!". Este informe non producirá efectos académicos.

2.7. De acordo co establecido na Circular n.º 23/2002 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, as persoas que posúan as titulacións ou estudos de idiomas que se sinalan no anexo da devandita Circular poderán incorporarse directamente ao curso correspondente sen ter que realiza-la proba VIA. Esta incorporación en ningún caso producirá efectos académicos.

2.8. O alumnado de "That's English!" terá a consideración de alumnado oficial de E.O.I., e non poderá cursar simultaneamente estas ensinanzas coa modalidade presencial. En todo caso ao rematar calquera curso a distancia o alumnado poderá pasar á modalidade presencial e viceversa (sempre e cando a dispoñibilidade de profesorado e aulas o permita).

Cando se detecte duplicidade de expedientes deberá procederse de forma que o alumno opte por unha das dúas modalidades, renunciando a unha delas.

3.- MATRÍCULA

3.1. No curso académico 2006-2007, a matrícula poderá realizarse para o Primeiro Curso (Módulos 1, 2 e 3), para o Segundo Curso (Módulos 4, 5 e 6) ou para o Terceiro Curso (Módulos 7, 8 e 9) do Ciclo Elemental do Primeiro Nivel da ensinanza do idioma inglés na modalidade a distancia. Os devanditos cursos terán a mesma validez académica que os que se imparten actualmente en réxime presencial nas Escolas Oficiais de Idiomas.

3.2. Os prazos de matrícula serán:

_ Do 18 de setembro ao 13 de outubro, ámbolos dous inclusive, para o

alumnado que se matricule por primeira vez.

- _ Do 4 de setembro ao 2 de outubro, ambos os días inclusive, para o alumnado que xa estivera matriculado en cursos anteriores.

3.3. O alumnado do programa "That's English!" que desexa continuar os seus estudos na modalidade presencial no mesmo centro ou noutro, deberá aterse ao procedemento establecido na Circular 6/2006 da Dirección Xeral de Formación Profesional.

3.4. A matrícula levarase a cabo nas Escolas Oficiais de Idiomas que sexan Centros de Apoio Administrativo, polo persoal administrativo contratado para o efecto e no horario que se determine.

O alumnado poderá matricularse:

a.) Presentando no Centro de Apoio Administrativo que lle corresponda o impreso de matrícula, debidamente cuberto en todos os seus apartados, xunto da documentación seguinte:

a.1) Se se matricula no Primeiro Curso e por primeira vez na modalidade a distancia, fotocopia compulsada do Título ou Certificado esixido (como mínimo Certificado de Estudos Primarios ou Certificado de Escolaridade, Título de Graduado Escolar ou equivalente, Título de Técnico Auxiliar-F.P.1 ou equivalente ou Título de Graduado en Educación Secundaria).

a.2) Nos demais casos:

- _ Se xa foi alumno ou alumna de "That's English!" e ten superado o Primeiro ou o Segundo Curso, ou alomenos os dous primeiros Módulos de cada curso, fotocopia compulsada do boletín de cualificacións.
- _ Se ten superado noutro Centro o Primeiro ou o Segundo curso nas E.O.I. na modalidade presencial, Certificación Académica Oficial expedida polo Centro.
- _ Se repite algún curso, fotocopia do boletín de cualificacións.

A solicitude de matrícula quedará formalizada unha vez realizado o seu pagamento e cando o impreso correspondente, debidamente validado pola entidade bancaria acordada, sexa entregado dentro dos prazos establecidos no Centro de Apoio Administrativo. Nese momento recibirá o material didáctico.

b) O alumnado tamén poderá matricularse remitindo por correo certificado toda a documentación mencionada en a.1) e a.2) mailo xustificante do pagamento (o alumno quedarase co AExemplar para o Alumno@ do impreso de matrícula) ao Centro de Apoio Administrativo correspondente dentro do prazo de matrícula. Unha vez confirmada a matrícula terá que recoller neste último o material didáctico ben personalmente ou mediante outra persoa debidamente autorizada polo interesado.

c) O alumnado terá a posibilidade de matricularse por internet facendo o

pagamento mediante tarxeta electrónica ou en calquera oficina do BBVA.

Para esta forma de matrícula deberán seguirse os pasos que se indican na páxina web www.thatsenglish.com. Cando se complete toda a documentación esta será enviada automaticamente a un servidor central e nun prazo de 48 horas o Centro de Apoio Administrativo confirmará a matrícula. Para a recollida do material didáctico poderase facer personalmente no Centro de Apoio Administrativo ou autorizando debidamente a outra persoa.

3.5. O custo de matrícula para cada curso será de 148,30 €. A inscrición dará dereito aos medios didácticos postos a disposición do alumno para cada curso, ademais do apoio titorial. Estes materiais didácticos inclúen 3 libros, 4/5 Cd audio, un caderno de actividades do curso e a guía do alumno do curso 2006-2007.

O custo de matrícula para o alumnado repetidor de calquera curso será de 38,00 € e incluírá o caderno de actividades maila guía do alumno do curso 2006-2007.

Así mesmo, o alumnado poderá mercar materiais didácticos complementarios coas gravacións dos programas de televisión en formato vídeo (ata esgotar existencias) e/ ou DVDs e CD-ROM.

A adquisición destes materiais é de carácter voluntaria e poderá realizarse a través dun impreso específico.

3.6. Descontos:

O alumnado que estea en posesión do Título de Familia Numerosa terá dereito á exención total ou parcial do pagamento do custo de inscrición, segundo as novas categorías. Esta exención non é de aplicación ao alumnado repetidor:

Categoría Especial: Familias de 5 ou máis fillos e as de 4 fillos dos cales alomenos 3 procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiple - Exención total.

Categoría General: as restantes unidades familiares con 3 ou 4 fillos - Reducción do 50% no material básico.

As unidades familiares con 4 fillos terán a consideración de categoría especial cando os seus ingresos anuais, divididos polo número de membros que compoñan a unidade familiar, non superen en cómputo anual o 75% do salario mínimo interprofesional vixente, incluídas as pagas extraordinarias.

Igualmente cada fillo discapacitado ou incapacitado para traballar, computará como dous para determinar a categoría na que se clasifica a unidade familiar da que forma parte.

Quen solicite exercer este dereito deberá acreditar a súa condición, aportando o correspondente Título de Familia Numerosa actualizado, expedido polo organismo competente, xunto cunha fotocopia que, unha vez cotexada co orixinal, quedará arquivada no seu expediente.

O profesorado de centros públicos dos niveis non universitarios en activo e non repetidor terá dereito ao desconto do 50 % do paquete básico, para o que presentarán o xustificante pertinente emitido pola delegación Provincial de Educación correspondente. O profesorado de ensinanzas de réxime especial de idiomas non poderá matricularse no seu propio centro.

Esta exención non é de aplicación ao alumnado repetidor.

Do mesmo xeito o profesorado non universitario en activo en centros públicos terá unha redución do 50% do material didáctico básico.

Esta exención non é de aplicación ao alumnado repetidor.

Os descontos non son acumulables entre sí do mesmo xeito que non existirá desconto para os membros dunha mesma unidade familiar, nin poderán usar os materiais dalgún parente pertencente a esa mesma unidade familiar.

3.7. O alumnado matriculado no Programa "That's English!" terá garantido o apoio tutorial durante todo o curso académico.

3.8. Finalizado o prazo de matrícula, os Centros de Apoio Administrativo elaborarán unha lista definitiva de alumnado matriculado que deberá facerse pública.

3.9. Unha vez formalizada a matrícula, só se procederá á súa devolución se a matrícula deba ser anulada por causas non imputables ao interesado.

Neste caso o procedemento que se debe seguir será o seguinte:

Presentarase no Centro de Apoio Administrativo no que se formalizou a inscrición a correspondente instancia de solicitude debidamente motivada e, se é o caso, xustificada documentalmente, xunto co "Exemplar para o alumno" do impreso de matrícula.

A instancia será informada pola Dirección do Centro, que como norma xeral terá en conta que só se procederá á devolución cando sexa debida a causas non imputables ao interesado, segundo queda exposto. A instancia, xunto co informe da Dirección do Centro, remitirase nun prazo de 15 días á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Edificio Administrativo San Caetano s/n; 15871 Santiago de Compostela.

Cando proceda a devolución, faranse as xestións necesarias para que se reintegre ao interesado a cantidade aboada, mediante cheque nominativo que lle será entregado a través da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, trala devolución do material didáctico ao que dese dereito a matrícula. Cómpre sinalar que non se procederá á devolución dos custos dos materiais de adquisición voluntaria, ao que se fai referencia no apartado 3.5.

Cando non proceda a devolución comunicaráselle ese feito ao interesado a través do Centro de Apoio Administrativo.

3.10. O alumnado matriculado no programa "That's English!" poderá solicitar a anulación das convocatorias correspondentes ao curso no que se matriculara antes da primeira convocatoria de avaliación (30 de novembro) ante a Dirección do centro no que estea o seu expediente académico. Esta anulación non implicará a devolución do importe dos materiais correspondentes ao curso.

3.11. As solicitudes de traslado de expediente por cambio de residencia do alumno durante o curso académico tramitaranse, por petición deste, a través do Centro de orixe, unha vez confirmada a existencia de praza no Centro de destino. Cando se confirme a recepción do expediente polo Centro de destino, o Centro de orixe procederá a dar de baixa a matrícula do alumno.

4.- CENTROS

4.1. O Ciclo Elemental do Primeiro Nivel das ensinanzas especializadas de idiomas impartirase na modalidade de educación a distancia a través das Escolas Oficiais de Idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia autorizadas para o efecto. Tamén se impartirá esta modalidade nos Institutos de Educación Secundaria (IES) que determine a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, que quedarán adscritos ao Centro de Apoio Administrativo da súa provincia.

4.2. A programación anual de cada Centro incluírá un apartado dedicado a esta modalidade de ensinanza no que se detallarán todos os seus aspectos académicos e administrativos.

4.3. Os Servicios Provinciais de Inspección Educativa, no ámbito das súas competencias, velarán polo cumprimento das normas que rexen estas ensinanzas.

4.4. Os Centros autorizados deberán garantir a adecuada atención tutorial ao alumnado.

No curso 2006/07 o Programa impartirase nos seguintes centros de Galicia:

CENTROS DE APOIO ADMINISTRATIVO	CENTROS DE APOIO TITORIAL
EOI A CORUÑA "That's English!": 981 268930	<ul style="list-style-type: none">● EOI A Coruña● Sección de EOI A Coruña en Carballo● EOI Ferrol● IES "Agra de Raíces", Cee

	<ul style="list-style-type: none"> ● IES N° 1, Ribeira ● IES “Moncho Valcarce”, As Pontes ● EOI de Santiago de Compostela ● IES “Virxe do Mar”, Noia ● IES “Fontexería” <u>Muros</u>
EOI LUGO “That’s English!”: 982 221720	<ul style="list-style-type: none"> ● EOI Lugo ● EOI Monforte ● EOI de Ribadeo ● EOI de Viveiro ● IES. “San Rosendo” Mondoñedo
EOI OURENSE “That’s English!” 988 366245	<ul style="list-style-type: none"> ● EOI Ourense ● IES. “Martaguisela”, O Barco de Valdeorras ● IES “Xesús Taboada Chivite”, Verín ● IES “Cidade de Antioquía”, Xinzo de Limia ● IES “Carlos Casares”, Viana do Bolo
EOI PONTEVEDRA “That’s English!”: 986 834994 ● EOI VIGO “That’s English!”: 986 263220	<ul style="list-style-type: none"> ● EOI Pontevedra ● EOI Vigo ● IES “Ramón M^a Aller Ulloa”, Lalín ● IES “Castro Alobre”, -Vilagarcía de Arousa

5.- PROFESORADO

5.1. Poderá impartir esta modalidade o profesorado de inglés de Escolas Oficiais de Idiomas e o profesorado de inglés dos IES que estean autorizados, que deberá coordinarse coa Escola Oficial de Idiomas da que dependen naqueles temas que afecten ao desenvolvemento do Programa e, en especial, á avaliación do alumnado.

5.2. As funcións do profesorado consistirán en impartir as titorías, corrixir as actividades realizadas polo alumnado, elaborar, administrar e corrixir as probas, así como asinar os documentos académico-administrativos que sexan necesarios, e atender as dúbidas plantexadas polos alumnos “on line”. A adicación horaria de cada titor deberá garantir unha sesión dunha hora e media semanal de práctica oral con cada un dos grupos de alumnos que lle correspondan.

5.3. No cómputo de horario do profesorado que participe neste programa 2 titorías do Programa "That's English!" serán equivalentes a un grupo presencial. Haberá un coordinador do Programa cando este sexa impartido por cinco ou máis profesores. O

coordinador terá unha redución de ata 2 períodos lectivos semanais. Non haberá límite de grupos por profesor.

5.4. O horario de sesións de atención titorial de cada grupo de alumnos e alumnas farase público no Centro.

5.5. A oferta de atención titorial desta modalidade a distancia garantiralle ao alumnado a posibilidade de asistir ás sesións de titoría.

+

6.- ATENCIÓN TITORIAL

6.1. O alumnado disporá do apoio de profesorado especialista na ensinanza do idioma inglés, así como dun teléfono de información para consultas de asuntos de índole xeral e administrativos.

6.2. As sesións de apoio titorial realizaranse en sesións semanais dunha hora e media de duración. Estas sesións, cuxa asistencia será voluntaria, non poderán coincidir co horario de emisión deste programa por televisión. Cada grupo de apoio titorial non poderá exceder, en ningún caso, o número de 45 persoas. No momento en que se exceda este número, procederase a un desdobre do grupo.

6.3. As sesións de titoría estarán destinadas a:

- Favorecer o desenvolvemento da destreza comunicativa de expresión oral e a súa integración coas demais destrezas no contexto dunha tarefa de interacción.
- Orientar nas técnicas e estratexias que faciliten o proceso de aprendizaxe do idioma inglés, así como anticiparse ás posibles dificultades que se lle presenten ao alumnado para axudarlle a superalas.

6.4. Como complemento de apoio á titoría presencial o alumno poderá acceder á titoría online a través da zona de acceso restrinxido habilitada para el na páxina web do programa: www.thatsenglish.com, onde poderá obter información administrativa e académica, coñecer as súas notas, consultar ao titor e dispoñer dunha titoría on line.

7.- OS MEDIOS DIDÁCTICOS

7.1. Para cada un dos cursos, o alumno recibirá os seguintes materiais complementarios dos programas de televisión que se emitirán pola 20 de TVE:

- Tres libros de texto por curso.
- Catro/cinco Cd Audio.

- O caderno de actividades.
- A guía informativa correspondente ó curso 2006-2007.

7.2. O alumnado repetidor recibirá o caderno de actividades e a guía informativa.

7.3. Como xa se sinalou no punto 3.5 poderase mercar de forma voluntaria:

- 3 CD-Rom Interactivos por curso
- DVDS/ 6 vídeos por curso (ata agotar existencias).

8.- AVALIACIÓN

8.1. As probas de avaliación dos diferentes Módulos terán lugar nos centros autorizados para impartir estas ensinanzas; serán elaboradas, administradas e avaliadas polo profesorado que imparta a acción titorial no Programa, que poderá solicita-la axuda do seu departamento didáctico se fose necesario.

8.2. Ao longo do curso académico realizaranse tres probas de avaliación:

- A primeira, no mes de decembro, corresponderá aos contidos do Módulo 1 (para o alumnado do Primeiro Curso), do Módulo 4 (para o alumnado do Segundo Curso) e do Módulo 7 (para o alumnado do Terceiro Curso). Nese momento tamén se realizará a recuperación dos Módulos 3 e 6 para o alumnado matriculado en Segundo e Terceiro curso, respectivamente, que os teña pendentes.

- A segunda, no mes de marzo, na que se avaliarán os contidos do Módulo 2 (para o alumnado do Primeiro Curso), do Módulo 5 (para o alumnado do Segundo Curso) e do Módulo 8 (para o alumnado do Terceiro Curso).

- A terceira, no mes de xuño, corresponderá aos contidos do Módulo 3 (para o alumnado do Primeiro Curso), do Módulo 6 (para o alumnado do Segundo Curso) e do Módulo 9 (para o alumnado do Terceiro Curso). Antes desta convocatoria realizaranse as recuperacións para o alumnado que non superase os Módulos anteriores de cada curso.

A proba de Expresión Oral dos Módulos 3, 6 e 9 será obrigatoria para todo o alumnado debendo superarse, previamente, a parte escrita dos mesmos.

Para a valoración da proba de Expresión Oral do Módulo 9 poderán constituírse tribunais se o Centro o considera necesario. Eses tribunais estarán formados polo profesorado adscrito ao programa e un dos seus membros deberá ser, necesariamente, o titor do alumno.

8.3. O alumnado que trala convocatoria extraordinaria de setembro só teña pendente de recuperar os Módulos 3 ou 6 e non se matricule do curso seguinte (Segundo ou Terceiro) senón que se matricule como repetidor do curso Primeiro ou Segundo, terá as

convocatorias de decembro, xuño e setembro para superar os devanditos Módulos. Do mesmo xeito o alumnado que só teña pendente o Módulo 9, terá as convocatorias de xuño e setembro para superalo.

8.4. Na primeira quincena de setembro celebraranse probas de recuperación dos tres cursos. O equipo directivo do Centro, seguindo o procedemento ordinario, fixará un calendario de probas de recuperación antes de finalizar o curso, que se fará público polos procedementos habituais. De igual modo, os Centros de Apoio Administrativo serán informados pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinzas Especiais da data de celebración da Proba de Valoración Inicial do Alumno (VIA), que terá lugar tralo remate do período de matrícula do novo alumnado.

8.5. A superación de cada Módulo dará dereito a unha acreditación que garantirá a validez permanente das probas superadas, a efectos desta modalidade educativa.

Cada conxunto de tres Módulos sucesivos superados será equivalente ao correspondente curso de Escolas Oficiais de Idiomas en réxime presencial de acordo co sinalado no apartado 1.2. desta Circular.

8.6. A superación do Módulo 9 dará dereito a unha certificación académica acreditativa de ter superado o Ciclo Elemental do Primeiro Nivel do idioma inglés das ensinanzas de réxime especial.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2006
O DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL
E ENSINANZAS ESPECIAIS

Asdo.: Antonio Vázquez Vázquez